

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

14649 *Real decreto 1372/2009, do 28 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, sobre constitución e funcionamento do Consello Fiscal.*

Por Lei 24/2007, do 9 de outubro, modificouse a Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, que actualiza a estrutura do ministerio público a través da reordenación do seu modelo de implantación xeográfica, xerárquica e funcional. As substanciais diferenzas organizativas que a nova estrutura do Ministerio Fiscal implantou respecto da estrutura anterior comportou que a regulación de determinados artigos do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, polo que se regula a constitución e funcionamento do Consello Fiscal, quedasen desactualizados, ao faceren referencia a unidades organizativas inexistentes.

Á vista do compromiso dos poderes públicos coa efectividade do dereito constitucional de igualdade entre mulleres e homes e do carácter transversal do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres (artigos 14, número 1, e 15 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes), considerouse aconsellable que o réxime de selección e nomeamento dos vogais electivos se axuste a unha participación equilibrada de mulleres e homes.

Por último, a disposición adicional cuarta da mencionada lei orgánica modifica o artigo 14 do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal e integra no Consello Fiscal unha comisión de igualdade para o estudo da mellora dos parámetros de igualdade na carreira fiscal, cuxa composición se remite á regulamentación que rexe a constitución e funcionamento do mencionado Consello.

Por todo o anterior, e unha vez emitido o informe do Consello Fiscal, resulta necesario proceder a unha nova modificación do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, sobre constitución e funcionamento do Consello Fiscal, para adaptalo tanto á nova estrutura orgánica do ministerio público como, en materia do procedemento electoral, para o nomeamento dos vogais do Consello Fiscal segundo o establecido na Lei orgánica 3/2007 citada.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de agosto de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, sobre constitución e funcionamento do Consello Fiscal.*

Un. Modifícase o artigo 2 do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, que queda redactado como segue:

«1. O Consello Fiscal poderá funcionar en pleno e en comisión permanente.

O pleno estará constituído por todos os vogais natos e electivos e a comisión permanente estará integrada polos vogais natos e por tres vogais electivos designados polo pleno do Consello.

O pleno quedará validamente constituído cando se encontren presentes, polo menos, oito dos seus membros, dos cales seis deberán ser vogais electivos. A comisión permanente constituirase validamente cando estean presentes, polo menos, tres dos seus membros dos cales dous deberán ser vogais electivos.

Os acordos serán adoptados por maioría simple dos votos emitidos e, en caso de empate, o voto do presidente será dirimente.

Actuará como secretario, tanto do pleno, como da comisión permanente, o fiscal máis moderno.

2. No seo do Consello Fiscal integrárase unha comisión de igualdade para o estudo da mellora dos parámetros de igualdade da carreira fiscal.

Esta comisión estará formada por tres vogais designados polo pleno e será presidida polo de maior antigüidade de entre eles. Renovarase bianalmente e os seus membros poderán ser reelixidos.»

Dous. Modifícase o artigo 15 do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, que queda redactado como segue:

«A circunscrición electoral será única para todo o territorio nacional e distribuírase por seccións, correspondentes a cada unha das fiscalías das comunidades autónomas e fiscalías provinciais, que agruparán os electores destinados nelas con inclusión dos que o estean nas fiscalías de área e seccións territoriais destas. Exceptúanse as fiscalías provinciais que compartan sede coa fiscalía da comunidade autónoma respectiva, a cal integrará na súa sección os electores daquelas.

A sección de Madrid incluírá, ademais, os fiscais da Fiscalía Xeral do Estado, do Tribunal Supremo, ante o Tribunal Constitucional, da Audiencia Nacional, do Tribunal de Contas, da Fiscalía Antidroga, da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada e fiscais de sala coordinadores en materias específicas, así como os fiscais adscritos a estes.»

Tres. Modifícase o artigo 16 do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, que queda redactado como segue:

«Nas sedes das fiscalías mencionadas no primeiro parágrafo do artigo anterior constituirase unha mesa electoral integrada polo fiscal xefe da fiscalía da comunidade autónoma ou da fiscalía provincial, que a presidirá, e os fiscais de maior e menor antigüidade do cadro de persoal da fiscalía, calquera que sexa a súa categoría.

En Madrid, a mesa estará presidida polo tenente fiscal do Tribunal Supremo e integrada polo fiscal máis antigo da segunda categoría e o máis moderno da terceira categoría de entre os destinados na fiscalía da comunidade autónoma ou fiscalía provincial, con residencia en Madrid, e o máis moderno de cada unha das fiscalías ante o Tribunal Constitucional e da Audiencia Nacional.»

Catro. Modifícase o artigo 17 do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, que queda redactado como segue:

«As candidaturas serán abertas e combinables entre si de modo que cada votante poida exercer libremente o seu dereito a voto sen se suxeitar necesariamente aos nomes abranguidos nunha mesma candidatura. Non obstante, ningún candidato poderá formar parte de máis dunha candidatura.

O número de candidatos de cada sexo, tanto titulares como suplentes, non poderá ser inferior, en cada candidatura, ao 40% do total dos incluídos nela. Nas candidaturas compostas por tres membros, dada a imposibilidade de cumprir as porcentaxes de 60%-40%, abondará con cumprir as de 66%-33%. Para o caso de candidaturas individuais, o suplente deberá ser de distinto sexo que o titular.

Os candidatos relacionaranse por orde alfabética a partir da inicial do primeiro apelido. As candidaturas deberán incorporar suplentes, en igual número ao de candidatos, para os efectos que se prevén no artigo 26.

Cada elector exercerá o seu dereito ao voto e deberá sinalar seis candidatos como máximo. Os votos emitidos doutra forma consideraranse nulos.»

Cinco. Modifícase o artigo 20 do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, que queda redactado como segue:

«Non poderán ser candidatos os vogais natos do Consello Fiscal, os da Xunta Electoral, salvo renuncia, e os vogais que conclúsen o mandato inmediatamente anterior, salvo os substitutos que na data de convocatoria da elección leven menos dun ano exercendo a súa función de conselleiro.»

Seis. Modifícase o artigo 25 do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, que queda redactado como segue:

«Serán proclamados electos os nove candidatos que obteñan maior número de votos. En caso de se producir empate será preferido o de maior antigüidade na carreira e, se for igual, o de maior idade. Non obstante, se o empate afectar candidatos de distinto sexo, e os dun mesmo sexo non obtivesen un mínimo do 40% de candidatos electos no cómputo global, o empate resolverase en favor do candidato pertencente a ese sexo.»

Sete. Modifícase o artigo 30 do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, que queda redactado como segue:

«Os escrutinios parciais correspondentes ás mesas electorais que se constituísen serán levados a cabo por estas ao terminar a votación e comunicados á Xunta Electoral no prazo máximo de 24 horas contado desde o peche das mesas electorais.

O escrutinio definitivo será realizado pola Xunta Electoral unha vez recibidos os resultados anteriores e no prazo máximo do oitavo día hábil seguinte ao peche das mesas electorais.

A Xunta Electoral proclamará os vogais electos e expedirá as correspondentes credenciais, das cales se remitirán copias auténticas á Fiscalía Xeral do Estado e ao Ministerio de Xustiza.»

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 28 de agosto de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
FRANCISCO CAAMAÑO DOMÍNGUEZ